



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DIANTE DA PROLIFERACIÓN DAS "NARCOCASAS" EN VIGO E O INCREMENTO DA INSEGURIDADE CIDADÁ

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, conforme ao disposto no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa aplicable, formula para o seu debate e eventual aprobación na vindeira sesión correspondente ao mes de abril a seguinte

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo atravesa unha alarmante crise de seguridade cidadá logo de que o repunte e proliferación das chamadas "narcocasas" —viviendas a miúdo okupadas ilegalmente, moitas delas convertidas en puntos de venda e consumo de estupefacientes— estea a degradar a convivencia nos nosos barrios e parroquias.

Casos recentes, como o do barrio de Fontiñas (Cabral), que persiste desde hai máis de dous anos a pesar das reiteradas denuncias veciñais, evidencian un desleixo institucional. Os veciños viven atemorizados polo trapicheo constante de droga, as pelexas e a falta de seguridade que existe na contorna. Situacións diante das que as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, lastradas pola falta de efectivos, fan o que poden.

Pero mentres a presenza destes focos de inseguridade aumentou de xeito significativo nos últimos anos, o Goberno de Abel Caballero e o subdelegado do Goberno na provincia, Abel Losada, responden atacando aos representantes públicos do Partido Popular. Ata o punto de que o señor Losada acusounos falsamente o pasado mes de novembro de "reventar" unha investigación policial. Ou descualificando hai ben poucos días como "show" a presenza dos nosos concelleiros e deputados diante da narcocasa de Cabral esixindo unha vez máis o seu desmantelamento.

É imperativo que o Concello e a subdelegación do Goberno deixen de mirar para outro lado e utilicen todas as ferramentas legais, urbanísticas e policiais para erradicar estes puntos negros, tal e como se fixo na contorna da rúa Pizarro grazas a presión veciñal e política por parte deste grupo municipal .

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno local a incrementar a presenza da Policía Local nos barrios e parroquias afectados pola presenza das narcocasas e a coordinar coa subdelegación do Goberno o reforzo de efectivos da Policía Nacional para combater a inseguridade cidadán que xeran estes puntos.
- 2.- Instar ao Goberno municipal e ao Ministerio do Interior a dotar á cidade dos recursos policiais necesarios para afrontar esta crise, diante da falta de efectivos que sofren ambos os dous corpos.
- 3.- Instar ao goberno de España a promover a reforma da lexislación vixente para facilitar o desaloxo urxente das vivendas usurpadas aos seus lexítimos propietarios.
4. Demandar a creación dunha oficina municipal de antiokupación ilegal de vivendas para axilizar os expedientes de declaración de ruína, clausura e desaloxo, así como para asesorar aos propietarios e veciños afectados ao tempo que tamén, en coordinación cos servizos sociais, atender os posibles casos de emerxencia social vinculados a este fenómeno.
- 5.- Esixir a dimisión do subdelegado do Goberno na provincia de Pontevedra, Abel Losada, por acusar falsamente a concelleiros e deputados do Partido Popular de “rebentar” unha investigación policial en Cabral o pasado mes de novembro e volver insistir nesa mesma falsidade neste mes de abril logo da nova visita dos representantes populares a ese mesmo punto para esixir unha vez máis o seus desmantelamento.

Vigo, 22 de abril 2026

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Luisa Sánchez Méndez'.

Luisa Sánchez Méndez